

**8.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

10.- **Gastos dos anuncios:** 75,79 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 07 de decembro de 2016.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Ana Prieto Nieto

R. 3778

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 30 de novembro de 2016, acordou en relación o expediente da **contratación da subministración mediante lotes dun vehículo radio patrulla (5+2 prazas) para a policía local e un vehículo radio patrulla (5 prazas) para a policía local, a selección de empresas subministradoras dos vehículos e declaración de deserto do procedemento de adxudicación de entidade financeira así como a MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DE NOVO PROCEDIMENTO . EXPTE. REF. 23-2016**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** O obxecto deste contrato é SELECCIÓN DA ENTIDADE FINANCEIRA QUE COMO ARRENDATARIO FINANCEIRO adquira os vehículos ofertados polas empresas subministradoras seleccionadas polo Concello, co seguinte detalle:

- lote 1: Un VEHÍCULO RADIO PATRULLA CON DESTINO ao SERVIZO DE POLICÍA LOCAL (MONOVOLUMEN 5+2 PRAZAS) ofertado pola mercantil **LUGO MOTOR S.L.** modelo **FORD S-MAX LIMITED EDITION W.OTDCI 140 CV 6V**

- lote 2: Un VEHÍCULO RADIO PATRULLA CON DESTINO ao SERVIZO DE POLICÍA LOCAL (MONOVOLUMEN DE 5 PRAZAS) ofertado pola mercantil **LUGO MOTOR S.L.**

b) **Prazo de execución:** A duración do contrato será de catro anos improrrogables (correspondendo o mes núm. 48 ó pagamento do valor residual no caso de exercitarse a opción de compra.

O prazo de entrega dos vehículos serán :

Para o lote 1: 14 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo.

Para o lote 2: 14 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto

**4.- Tipo de licitación.**

O valor estimado do contrato para a totalidade DOS lotes ( que inclúe para cada lote 47 cotas e unha última de valor residual) é de 53.603,42 euros ( importe sen IVE), incluído os gastos financeiros. Ver cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares para o desglose por lotes e condicións de leasing.

**5.- Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### 6.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de cláusulas administrativas

#### 7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil (sábado ou festivo) prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

#### c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou enviadas por correo.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

#### 8.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

9.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

10.- **Gastos dos anuncios:** 85,8 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 7 de decembro de 2016.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3779

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN PREZO PUBLICO CONSERVATORIO 1ª FRACCION COTA TRIMESTRAL CURSO 2016-2017**

Por Xunta de Goberno do día 5 de decembro de 2016 aprobouse o Padrón do Prezo Público Conservatorio Primeira Fracción Cota Trimestral curso 2016 -2017

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.